



CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

RESOLUCION DA ALCALDIA

O Concello de Alfoz ten o obxectivo de promover , fomentar e colaborar co movemento asociativo e de organización de eventos festivos, tradicionais ou innovadores, que fomenten o turismo nos seus distintos ámbitos.

Para conseguir este obxectivo, aprobáronse dentro das bases de execución do Orzamento Xeral do exercicio 2022 as subvencións nominativas para a celebración das festas parroquiais.

Consígnase ademais crédito axeitado e suficiente para esta finalidade no Orzamento Xeral do exercicio 2022,

O 2 de xuño de 2018, publicouse a Ordenanza reguladora da concesión de subvencións do Concello de Alfoz, no BOP Lugo nº 125, entrando en vigor o 22 de xuño de 2018.

Esta ordenanza ditada ao abeiro da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, ten por obxecto concretar o réxime xurídico xeral da concesión de subvencións do Concello de Alfoz, así como o procedemento a seguir para a solicitude, concesión, xustificación e pagamento das mesmas.

O 09 de novembro de 2022 ten entrada no rexistro deste Concello (RE 634) a solicitude e anexos de subvención de festas parroquiais da Comunidade de Monte veciñal de O Pereiro para a Festa na honra da Nosa Señora realizadas os días 19 e 20 de agosto de 2022.

Incoado expediente 404/2022, ao mesmo se incorpora informe de verificación de documentación e de fiscalización favorable.

Á vista do expediente tramitado, esta Alcaldía, RESOLVE:

PRIMEIRO. Conceder a Comunidade Monte Veciñal o Pereiro , provisto de CIF V- 27235886 subvención nominativa por importe de SEISCENTOS (600,00) euros pola realización dos festexos populares na Honra da Nosa Señora de O Pereiro os días 19 e 20 de agosto de 2022.

SEGUNDO. Proceder á autorización e disposición do gasto, e pagamento por un importe de 600,00 euros con cargo ao capítulo IV do vixente orzamento de gastos da Corporación.

TERCEIRO. Notificar aos interesados o outorgamento da concesión da subvención.

En Alfoz, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde-Presidente

Asdo. Jorge Val Díaz.



Cod. Validación: 4Z24QX5SE4DXCS4TECWAENS53 | Corrección: <https://concellodealfoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1